

## **14/2020. ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 16 SETEMBRO DE 2020.**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Mugardos, sendo as doce horas e trinta minutos do día dezaseis de setembro do ano dous mil vinte, previa convocatoria automática, por non ter sido convocada dentro do prazo establecido no artigo 31 do Regulamento Orgánico Municipal (ROM), e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria solicitada polas/os concelleiras/os Dna. María del Pilar Díaz Otero, D. Iván Martínez González, Dna. Dolores González Lorenzo e D. Genaro Prieto Iglesias ao abeiro do establecido no citado artigo 31 do ROM, sesión que se celebra a porta pechada, a fin de garantir as condicións de seguridade, autoprotección e distanciamento social, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. María del Pilar Díaz Otero, D. Iván Martínez González, Dna. María Dolores González Lorenzo, D. Genaro Prieto Iglesias, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández e D. Argemino Varela Filgueiras. Asiste tamén a interventora municipal Dna. Ana María Gómez Peña.

Actúa como secretaria, en réxime de acumulación, a funcionaria, Dna. Marta Vázquez Garea, en virtude do nomeamento efectuado por Resolución da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 11.09.2020.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudio e discusión do único asunto incluído na orde do día, adoptándose o seguinte acordo:

### **1.- SITUACIÓN DOS PARQUES INFANTÍS, PARQUES BIOSAUDABLES, ZONAS DEPORTIVAS OU ESPAZOS DE USO PÚBLICO AO AIRE LIBRE SIMILARES DE TITULARIDADE MUNICIPAL.**

Tras deliberación, sométese a votación o asunto, producíndose o seguinte resultado: 5 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 1 BNG), 5 votos en contra (5 PP) e 3 abstencións (3 PSOE), efectuándose unha nova votación, á vista do empate producido, obtense o mesmo resultado, 5 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 1 BNG), 5 votos en contra (5 PP) e 3 abstencións (3 PSOE), acordando, en consecuencia, o Concello Pleno, co voto de calidade do sr. Alcalde, rexeitar prestar aprobación ao acordo proposto polas/os concelleiras/os Dna. María del Pilar Díaz Otero, D. Iván Martínez González, Dna. Dolores González Lorenzo e D. Genaro Prieto Iglesias, en relación á situación dos parques infantís, parques biosaudables, zonas deportivas ou espazos de uso público ao aire libre similares de titularidade municipal.

### **DELIBERACIÓN**

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Bueno, bos días. Volvemos... comezamos o Pleno, o Pleno extraordinario convocado... loxicamente, pola normativa vixente, e que ten como punto único a situación dos parques infantís, parques biosaudables, zonas deportivas ou espazos de uso público ao aire libre similares de titularidade municipal. Os concelleiros de Esquerda Unida son os que secundan a convocatoria deste Pleno e bueno, imos a proceder en todo caso pois a un... a un primeiro... bueno, si queredes facer un turno de intervencións. ¿Palabras?. E... o primeiro turno... todos. Bueno, pois veña, Gemino.

**Sr. Varela Filgueiras**: Si, bueno, bos días a todos e a todas outra vez. Bueno, nós dicir que imos a apoiar esta proposta fundamentalmente porque entendemos que hai que buscar alternativas a esta nova normalidade, e solucións tamén, porque é certo que temos unha nova normalidade que o noso entorno está cambiando e sufrindo constantes modificacións. Por desgracia a... ao coronavirus tamén lle gustan os parques e as zonas deportivas e incluso os espazos aínda que estean ao aire libre, e sobre todo as superficies de que están feitos estes espazos. E segundo as últimas investigacións o coronavirus pode permanecer incluso ata 72 horas nestes espazos. E tamén creo que cando tñamos que prepararnos para a reapertura destes parques eu creo que non o fixemos realmente... realmente non fixemos unha inspección a fondo de como estaban estas áreas para confirmar o estado de uso e limpeza. E por iso entendo que isto ten que levarse a cabo de maneira inmediata e a ser posible de maneira continuada no tempo para poder solucionar esta situación na que nos atopamos. E vou a ir un pouco máis aló e tamén o vou a facer fóra de... de esta proposta, vou a facerlle unha proposta ao goberno que é a de tratar de recuperar a comisión de seguimento da COVID-19 porque a pesar de que é certo de que a Xunta de Galicia non desagrega datos por concellos, eu creo que a día de hoxe todos somos conscientes de que en Mugardos estamos peor que nos meses de marzo e de abril.

**Sr. Alcalde**: E... José Ángel.

**Sr. Martínez Bardanca** (que traducido di): Si, bueno, eu pedín o turno de palabra, pero en realidade quería tamén, comentar, que efectivamente nós insistimos moito neste tema durante tódalas comisións COVID, tamén durante os plenos, a través de rogos sobre todo, de limpeza dos parques e tal, pero vamos a esperar á seguinte intervención, senón vos importa, porque quero escoitar o que di, pois evidentemente, o relator da moción e máis o goberno municipal, claro.

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Moi ben, Pilar.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido di): Bueno, pois bos días de novo. É verdade que... bueno, o que di o voceiro do BNG de que non sei si con datos contrastados, porque a Xunta non os desagrega por concellos, o certo é que esta segunda onda, ou segundo brote ou continuidade, como se lle queira denominar, está a golpear con máis forza, a pesares do comportamento exemplar da cidadanía de Mugardos durante todo o confinamento e a posteriori, podemos dicir que tamén durante estes meses de forma máis importante do que vivimos ao principio da situación de emerxencia e do propio confinamento. Bueno, esta cuestión foi abordada... foi abordada xa nas xuntanzas das comisións ás que facía referencia o voceiro do BNG e... bueno, que lle fixo unha proposta ao grupo de goberno e veremos en que queda esta

cuestión, que ao mellor non viría mal, aínda que é verdade que xa está retomado o período de comisións e que polo tanto hai espazo para poder abordalo. Como dicía antes foi o... por diferentes... eu creo que por tódolos grupos municipais nas diferentes comisións do COVID, xa polo mes de abril, aínda cando non había as instrucións por parte da Consellería, a necesidade de que se abordase a limpeza e desinfección dos espazos públicos, incluso dos colectores e demais mobiliario urbano, tamén do Mercado Municipal. Pero creo que a situación, quizais, non sei si máis alarmante, pero que si que está fóra do que nós entendemos que son as obrigas marcadas polo DOG, polos diferentes DOG dende o 13 de xuño ata os últimos que foron arbitrando medidas para o COVID, son algunhas obrigas que nós entendemos que non se están a cumprir dende o principio. A proposta do acordo é para que todos poidamos por unha parte ter a seguridade de que se está a facer, porque é obvio que non se está... que non se está facendo, non se está cumprindo. E por outra banda tamén coas recomendacións que marcan os propios DOG. Para ser concreta, en canto ao obrigatorio está a capacidade dos propios espazos, estoume a referir tanto aos parques, aos biosaudables, as pistas ao aire libre ou os espazos ao aire libre que temos, non hai ningún indicador en cada un destes espazos que indique a capacidade máxima, e todos sabemos que ao principio era un por cada tres metros, despois modificárono, é unha persoa por cada metro cadrado, e nos carteis e indicacións que hai neses propios espazos que son carteis e indicacións que se recolocaron moito máis dun mes máis tarde de que saíse a primeira instrución no DOG do día 13 de xuño, porque xa contempla a obriga de usar mascarilla, que foi algo que non saíu ata o 18 de xullo do 2020 no DOG, o certo é que non hai ningunha indicación nos espazos nos que hai cartel con estas recomendacións, que se circunscribe aos parques, non hai ningunha actuación nese sentido nin nas zonas deportivas nin nos espazos públicos, e o Concello é titular de varias zonas deportivas ao aire público... o mesmo que de espazos públicos, polo tanto teríamos unha cuestión que é obrigatoria que é reflexar a capacidade, e non hai ningún indicador destas características en ningún destes espazos. Por outra banda sería a limpeza, que eu creo que é evidente, calquera que pase polos parques eu creo que é evidente que non hai unha limpeza do mobiliario, só falta darse unha volta por eles, ao igual que o baleirado diario de papeleiras, que é obvio que non se está a cumprir. E en canto á desinfección, que é certo que de vez en cando e non co cumprimento nin co grao que marca o DOG se estea a facer nalgún dos mesmos, nos parques, pero non cumprindo a periodicidade que marca o DOG xa dende o 13 de xuño. E despois hai recomendacións, algunhas que veñen no DOG, como son os dispensadores de xel, que hai moitos concellos que o instalaron nos parques, algún incluso tamén o instalou na entrada de edificios ou os instalaron nas vías públicas de máis concorrencia, pero para citar o que nos estamos centrando, que son os parques, as zonas deportivas e os espazos públicos ao aire libre de titularidade municipal, non hai ningún neste momento, e temos por outra banda un elemento a maiores que tampouco está a cumprir coa limpeza e a desinfección que marca, que sería o servizo complementario de aseo do parque do Peteiro. Polo tanto vemos que... como a pesares de que... eu creo que as reiteradas peticións, rogos e preguntas, que fixeron tódolos grupos municipais ao longo destes tres meses, bueno, a situación non mellorou, e polo que traemos unha serie de propostas para que poida acordar este Pleno e que as vou a ler, para non estenderme máis, só os acordos: O primeiro sería realizar urxentemente unha limpeza profunda dos equipamentos e dos espazos públicos. O segundo, establecer un horario para o uso dos equipamentos, que permita, obviamente, con tranquilidade, facer esa limpeza e desinfección profunda. O terceiro sería establecer un horario de desinfección diaria dos elementos de xogo, mobiliario e demais

elementos susceptibles de ser usados en cada un dos espazos con solución viricida, que marca o propio DOG, para que todo o mundo poida ser consciente de cando se está a desinfectar e que é verdade que esa desinfección se está a facer diariamente. O cuarto, establecer un horario diario do baleirado das papeleiras. O quinto, que aínda que é unha recomendación, como xa dixen anteriormente, cremos que sería positivo, que é colocar os dispensadores de xel ou da solución hidroalcohólica en todos e cada un destes espazos. O sexto, colocar ese cartel coa capacidade máxima de cada un dos espazos para que a poboación poida ter a información suficiente do cumprimento do DOG, e o sétimo, extremar a vixilancia por parte da Policía Local para evitar o incumprimento das normas, ao mesmo tempo evitar o uso por persoas que superan con creces a idade en canto aos xogos instalados nos parques, e tamén os propios botellóns que se están a realizar no mesmo, non só porque se prohibise despois, nun DOG posterior, no do 18 de xullo, senón porque a propia ordenanza municipal do Concello de Mugardos xa o prohíbe dende fai bastante tempo e cremos que pode ser un elemento de contaxio.

**Sr. Alcalde:** Miguel.

**Sr. Mahía Prados:** Ben. De novo bos días. Antes de comezar a miña intervención neste primeiro turno, solicito, señor Alcalde, en base ao artigo 44.3 do Regulamento Orgánico Municipal, que di que o secretario/a e o interventor/a ou quen legalmente os substitúa poderán intervir cando fosen requiridos pola presidencia ou por algún grupo municipal por razóns de asesoramento técnico ou aclaración de conceptos. Ben, en base a este artigo quero presentar unha consulta referente ao artigo 123 da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local no cal establécense as competencias dos plenos municipais. En base a esas atribucións que veñen recoñecidas no artigo 123, que corresponden... bueno, unha serie de competencias, solicito aclaración sobre si este Pleno é competente ou non para debater o que se está aquí a tratar, antes de seguir coa intervención. Grazas.

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Si, bueno, eu non teño ningún inconveniente en que a asesora legal do Concello asesore aos concelleiros, como é natural. Tes a palabra.

**Sra. Secretaria:** Bos días a todos. Como se apunta na fundamentación da convocatoria do Pleno, na Resolución de 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, do DOG de 13 de xuño, no seu punto 3, punto 32, fala e aborda medidas de parques e zonas deportivas de uso público ao aire libre, posteriormente modificárase algún deles, algunhas de forma obrigatoria e outras en forma de recomendación, como... como di a concelleira. Se ben o órgano competente, estritamente, non é o Pleno. Tamén é certo que estando o órgano competente neste... nesta sesión, no caso de que se votase a favor, o acordo quedaría ratificado, quedaría emendada a falta de competencia.

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Votar a favor por parte do Alcalde, entendo.

**Sra. Secretaría:** Claro, do órgano competente... pero bueno, si o Alcalde vota a favor quedaría emendada a falta de competencia.

**Sr. Mahía Prados:** Vale, grazas pola aclaración. Ben, agora xa entrando en materia, aínda que este non é o órgano competente, para clarear varias cousas, xa sen entrar a valorar este tema. Aquí vamos a comezar pola exposición de motivos, vamos a comezar polo principio. Nesta exposición de motivos figuran catro DOG, o primeiro a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica de medidas de prevención para o COVID, onde se estipula, no 3.33 parques e zonas deportivas de uso público ao aire libre, os parques infantís, parques biosaudables, zonas deportivas, pistas de skate ou espazos públicos ao aire libre e... poderían estar abertos ao público sempre que nos mesmos se respecte un aforo máximo estimado dunha persoa por cada catro metros cadrados de espazo computable da superficie do recinto. Dous, deberanse establecer as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal ou, no seu defecto, a utilización de medidas alternativas de protección física. Tres, deberán aplicarse as medidas de hixiene e prevención establecidas, especialmente no que se refire a proceder diariamente á limpeza e desinfección destes espazos nas áreas de contacto das zonas comúns, tales como xogos, aparatos de actividade física ou outro mobiliario. E cuarto, recoméndase dispor neses espazos, especialmente no que se refire a parques infantís, de dispensadores de xeles hidroalcolicos ou desinfectantes con actividade viricida, debidamente autorizados e rexistrados, ou dunha solución xabonosa no caso de espazos para menores de dous anos de idade. Ben, isto é o que di o primeiro DOG. O segundo DOG que ven na exposición de motivos o único que fai é modificar o aforo que ven recollido no primeiro... no 3.32, punto 1, que pasa de tres metros cadrados... de catro metros cadrados, perdón, a tres. Logo, o seguinte DOG, do 17 de xullo de 2020, fala acerca da ilegalización do botellón en parques e vías públicas. E por último, o cuarto... o cuarto DOG, perdón, fala de actividade de ocio nocturno, no cal non se mencionan nin parques nin xardíns. Ben, isto é o que ven na exposición de motivos, entón, un breve resumo, o primeiro dos catro DOG que vostede plantexa na exposición de motivos, soamente dous refírense a parques e xardíns e os dous últimos parece ser que están para avultar, debe ser que quedaba coxa a exposición de motivos e pensaron que canto máis carga documental pois máis razón ían ter. Pódenlle meter a carga documental que queiran, que este concelleiro leu os DOG e non veñen recollido as cousas que vostedes expoñen. Referente a isto, e... este goberno o que fixo pois foi consultar aos técnicos, que é o que calquera goberno que se prece debería de facer, porque a min encántame o exceso de control que queren impoñer agora, con horarios en papeleiras, e en uso de ciclos biosaudables, e me estraña o déficit de control que tiñan vostedes no goberno á hora de facer contratos. Ou sexa, queren contratar á xente cando tira as cousas na papeleira, pero non querían que lles contrataran cando facían 100.000 euros en varias empresas se control, nin contrato, nin a parte de retención de crédito oportuna por parte de intervención. Ou sexa, esta diferenza de criterios sorpréndeme. Vamos a comezar polo informe do... do GES, ese grupo... igual lle soa, porque o quixeron eliminar en 2015, pois ese grupo que vostedes quixeron eliminar en 2015 é o grupo que está a desinfectar os nosos parques. Os GES están realizando de 9.15 a 10.15 a desinfección de parques infantís de Mugardos, e o están facendo en base aos usos que teñen, porque destes DOG's que eu relatei en ningún ven dito... cando, que día, a que hora teñen que facer a desinfección, o servizo o fai cando pode, entran de garda ás oito da mañá, preparan os equipos, e o primeiro que fan son desinfectar os parques. Logo vamos a falar do... referente ao que din vostedes de realizar e... imos a empezar mellor polo da policía. Referente a horario de... establecer horarios e colocar dispensadores de xel ou e... o tema dos aforos e o tema da vixilancia por parte da Policía Local, e dos informes, o primeiro referente aos aforos, o cal remito á resolución do 25 de xullo de 2020

da Secretaría Xeral Técnica no cal o anexo queda redactado da seguinte forma: Os parques infantís biosaudables, zonas deportivas, pistas de... ta, ta, ta, o mesmo que comentei no anterior apartado, establece que os aforos son o 75% da súa máxima capacidade habitual, ata un máximo de 250 persoas, en ningún lado di que teñan que estar os carteis postos e.. xa llo digo, e máis, o aforo máximo de Beiramar sabe canto é? 4.000 persoas, e dicir, co DOG metemos 4.000 persoas en Beiramar, cos...coas correspondentes limitacións de aforo, se non se fixeran estas, estas... limitacións que propón a propia Policía Municipal. Estanse controlando os aforos? Claro que se están controlando, por iso a Policía fai patrullas, e vixía os parques, e ve se hai moita xente ou hai pouca xente, e teñen servizo pola tarde, e fan horas extras e cóbranas, cousa que con vostede non facían, facían horas extras e non as cobraban, entón a policía si, está reforzado o servizo da Policía Municipal e tamén está reforzando o control nos parques. Referente ao uso do xel hidroalcolico, este goberno valorou esa posibilidade e non só nos parques, valorámolo poñer no exterior de edificios municipais, e en todos aqueles nos cales temos competencia. O informe da policía di que, bueno, a Organización Mundial da Saúde establece un porcentaxe de alcohol entre o 70 e o 90% dentro do propio... do propio xel, como así ten que ser e... tamén di que, bueno, se pon unha serie de precaucións, porque tratase de algo que seca as mans e que os vapores se dispersan, despois de ,, o alcohol poden ser nocivos, bueno, entón en base a esta normativa que é da organización do Colexio de Enfermería e da OMS, a policía referente a este tema di: Con base no anterior e tendo en conta que conteñen alcohol que deben de estar afastados de fontes de calor e superficies quentes fora do alcance dos menores, e o parecer non está xustificada a viabilidade das instalacións de dispensadores de xel hidroalcolico en parques, por acción de vándalos, evitar accidentes, risco de incendio por exposición ao calor, risco de queimaduras derivadas do uso por parte de menores sen control parental, é un uso abusivo pola súa parte. En canto a establecer un horario de uso, a nova normalidade non contempla horarios de uso de parques, e debese estar ao que diten as autoridades sanitarias, en todo caso, e segundo a evolución da pandemia, as autoridades sanitarias poden establecer limitacións horarias tal e como acontece na área de A Coruña e na súa zona de influencia, isto referente aos puntos de... aos horarios de uso de equipamentos, horarios de desinfección, horario... bueno, colocación de dispensadores, e o... a vixilancia por parte da policía E para finalizar, que este informe quero lelo con calma, este é o informe do servizo de obras, e o servizo de obras di: Nos últimos catro anos o mantemento dos parques infantís foi escaso, gobernaba vostede e... quero recordarllo, se ben polos... nós ocupabamos o cortado de céspede, de retirar ou substituír elementos que podían ser un perigo para os usuarios dos parques, tales como tornillos oxidados, cadeas de columpios ou elementos rotos, sempre por iniciativa propia, sen ter orde de facelo, ou os anteriores responsables políticos mostrar interese, e dicir, tiñan pouco interese vostedes nos parques, e..., chegando incluso a retirar elementos de xogo que nunca substituímos, tendo orde expresa de non facelo, ou sexa, vostedes daban ordes expresas de non retiralos sabendo que estaban mal, carais..., tampouco se nos dou nunca orde de facer un mantemento preventivo, anda... o que piden vostedes resulta que non o facían, tal e como o vernizado de elementos decorativos, varandas de madeira ou papeleiras, ou pintar os propios elementos dos parques. Esta situación derivou en que no día de hoxe, tras dársenos orde por parte dos responsables políticos actuais de facer mantemento dos parques, orde que se deu fai meses, o deterioro e abandono dos elementos fai imposible recuperar estes a un estado máis ou menos decente, e dicir, por non facer o que había que facer, e aplicar a súa teoría do aforro, de non gastamos en mantemento de parques, deixamos os cartos morrendo de risa no banco e logo non pagamos

ademais os provedores, pois a consecuencia é que podrecen os elementos de xogo e é moi complicado recuperalos. Un exemplo claro encontrámolo cando limpamos un elemento coa máquina a presión de auga, e esta lava a madeira coma se fose cartón, levantando no proceso tanto as capas de madeira podre como o pouco de pintura que quedaba. A esta situación engadimos a falla de medios materiais, situación a que eu xa fixen mención no Pleno anterior de orzamentos, porque non temos cartos para poder comprar unha desbrozadora, esa é a situación que vostedes nos deixaron, e en moitos casos tirando da imaxinación da propia cuadrilla para poder facer unha mínima reparación. Nos últimos anos vimos como moito do noso material ou ferramenta se veu deter... deteriorado, perdón, nunca chegando a substituírse posteriormente, cabe destacar que se ben nos últimos meses esta situación reverteuse e o pouco esta cuadrilla espera que se siga por esta mesma liña, e dicir, este goberno está cumprindo co persoal e cos servizos públicos, algo co seu goberno non facía. A día de hoxe a situación dos parques infantís respecto a esta cuadrilla é a seguinte, e xa finalizo, porque é o último parágrafo.. seguimos cortando o céspede e as papeleiras recóllense cada 15 días, se ben destacar que estes prazos pódense acortar ou ben por avisos dos veciños, ou ben por avisos do propio concelleiro que no lo traslada, por orde da Concellería o mantemento dos parques se está a facer sempre na medida que os propios elementos o permitan, pero recalcar que o mantemento debía facerse nos anos anteriores para evitar chegar a estes... a esta situación, cousa que non se fixo, en colaboración co Grupo de Emerxencia Supramunicipal, este grupo que vostede quería eliminar co seu programa do 2015, mantén unha limpeza e desinfección de acordo a actual situación de pandemia derivada polo COVID. Asinado, o encargado da cuadrilla de Obras e Servizos. Se o queren, estes informes están, por suposto, a súa enteira disposición. E... visto este informe, eu soamente poido facer unha cousa, e sacar o sombreiro pola labor que está a facer o concelleiro de obras, porque cos medios que deixaron está atendendo a unha pandemia, está atendendo a unha situación moi complicada, e só el sabe o que tivo que pasar para cadrar todos os horarios, todas as labores que teñen que facer, as desinfeccións e que a xente estea medianamente contenta, porque iso é o importante, porque estamos para que a xente estea contenta e respecten, e estean de acordo cos nosos servizos públicos. Finalizo neste primeiro turno, e gustaríame centrar, a parte da exposición de motivos, a convocatoria do Pleno que xa se di que é un Pleno nulo, de pleno dereito, e entón en base a esta exposición, teño catro preguntas que facerlle, que espero que me responda neste seguinte turno. 1ª pregunta.- En que DOG di dos que vostede fai mención na exposición de motivos que se debe de establecer un horario do uso de equipamentos? 2ª pregunta: En que DOG di que os..., dos que fai vostede mención, que se debe establecer un horario para o baleiro das papeleiras? En que DOG di dos de vostede que fai mención, que se debe de establecer un horario de desinfección por zonas? E, por suposto, onde vén a obriga de ter que por un cartel co aforo, porque así como no caso das praias, si que había unha obriga do propio DOG, no cal establecía que o aforo tiña que estar sinalizado, no caso dos parques non é así. Entón, estas son as preguntas que teño plantexadas no primeiro turno

**Sr. Alcalde.-** (que traducido di).- Ben, finalizado o primeiro turno, se algún grupo quere solicitar un segundo turno? Si...bueno, pois abrimos un segundo turno, todos, queredes intervir todos.. Bueno, pois Gemino...

**Sr. Varela Filgueiras.-** Si, bueno, e... vamos a ver, eu creo que temos que ser conscientes da situación que estamos a vivir, e eu creo que é unha situación totalmente distinta

a que había ata agora, ou polo menos eu a que vivín ata agora no meu país, e... creo que si damos unha volta, e eu dou a veces voltas por onde vivía anteriormente, que hai un parque infantil eu creo que si vemos a maneira de estar das crianzas, e incluso vou ir máis alá, dos adultos, que son os pais e as nais, non é a maneira axeitada, e entón eu creo que nós que dixemos que íamos apoiar esta moción, non creo que isto sexa facer unha crítica velada ao Concelleiro de Obras, que non sei se desenvolve o seu traballo mellor ou peor, entendo que o desenvolverá da mellor maneira que sabe, pero o que creo que tamén debemos ter claro e que votar en contra disto, e dicir, que si o que imos a dicir aquí é que EU cometeu un erro cando gobernaba e o que imos a facer agora é votar en contra, quero dicir que un erro máis un erro non supón un acerto, e entón creo que o que aquí se está a pedir é algo que me parece moi lóxico na situación na que estamos a vivir.

**Sr. alcalde:** José Angel..

**Sr. Martínez Bardanca** (que traducido di): Vale, gracias, bueno, e... aclarado un pouco as dúbidas, non, e... quería dicir que bueno, para min, para min foi moi significativo o que comentou a secretaria, e bueno, pois iso pode facer que varíe a nosa... a nosa opción de... de este tema, nós en principio tiñamos evidentemente motivos para votar a favor de este tipo de cuestións, e... pois si que o denunciámos nós nos plenos que a limpeza era deficiente, eu sinto por quen sexa o responsable, non o sei, ou sexa, a responsabilidade é do alcalde, si el ten delegadas as competencias no concelleiro de obras, pois será do concelleiro de obras, e si o concelleiro de obras ten un encargado que se ocupa, iso si que xa sei que non o ten, pois sería do encargado, que sería o que tiña que facer estas cuestións de limpeza, non? E.. pero hai que dicilo, a limpeza era deficiente, a sinalización pedíamola eu creo que foi, paréceme no... senón me equivoco no Pleno de xullo, xa levaba o DOG, xa levaba tempo, e non estaba, púxose a sinalización que iso era o que a lei marcaba, iso si que era un tema legal, había que poñela, logo xa rogamos ademais que se realizara a limpeza, a limpeza diaria, e que se tomaran na maior medida posible as recomendacións que dicía a Xunta, eu evidentemente pois non o sei, si o que acaba de comentar agora sobre os xeles, non, que son un perigo, tal...si que é verdade, que os nosos parques, a maioría están en zonas que non están no centro.. núcleo do pobo e que, bueno, pois é un perigo, esa e unha cuestión que está ben, que a... que a trate a persoa responsable en este momento de si é correcto poñela ou non. E...logo tamén, nós a maiores, un pouco o que víñamos dicindo durante todo este tempo e que as... este DOG de día 13 de xuño tamén menciona as praias, claro agora as praias xa non imos falar delas, pero e que o DOG de xuño dicía que se realizará unha vez ao día a limpeza e desinfección dos elementos da praia, non se fixo, a cartelería púxose tarde, tamén o sabemos, isto... oe non podemos... eu está moi ben que lle agradezamos ao concelleiro de turno... xa digo, o concelleiro ou a persoa responsable, moi ben, eu entendo que el está facendo o seu traballo o mellor que pode, pero cando alguén non está cumprindo tamén entendo que haberá que dicilo, digo eu, senón se calamos todos, non pasa nada, aquí claro eu creo que é necesario que digamos as cousas como son, ou si alguén ten susceptibilidade e lle parece mal pois... pois mal, non. Logo tamén se... había unha parte do DOG, o punto 3.32 que dicía que os parques e as zonas deportivas de uso público e libre tamén terían que ter unha desinfección e limpeza diaria e eu creo que aí si que xa, vamos, nunca... nunca foron a limparse, foron algunha vez pois irían, non, de todas formas tampouco creo que fora unha cuestión que nós como concelleiros teñamos que estar mirando si se fan ou non, por



iso entendo eu, entendo o que dicía a... o que comentaba a secretaria de que non é realmente a nosa competencia, porque para iso pois haberá un encargado, un... concelleiro de obras para ir a mirar se efectivamente se están facendo as cousas que se teñen que facer, non, eu como concelleiro da oposición ir a mirar si se está facendo correctamente ou non, non, eu controlarei, pero non é a miña responsabilidade, entón bueno, pois a parte de estas cuestións que estaban... que estaríamos a favor, tamén pois vemos que están en contra, pois, como comentaba, a legalidade do Pleno, si efectivamente sería necesario que o alcalde votara a favor e lle dera a competencia de estes temas ao Pleno, cousa que creo que non vai... non vai a resultar que suceda, non, e logo bueno, pois aquí falamos das competencias do concelleiro de obras, que creo que as ten delegadas, estas competencias, as competencias da alcaldía, que son sobre a policía, exclusivas do alcalde, eu sei o que é que che retiren as competencias e creo que debería de ir en un Pleno de outra maneira, sabes, isto tería que ir falado ben, si queremos retirar as competencias teríamos que nomear a outras persoas que teñan esa competencia, porque evidentemente non nos vamos a reunir aquí todos os días, no Pleno, para ver si se limparon os parques ou non. Iso é o que eu... o que eu penso. E logo nada, por último simplemente indicar que efectivamente isto faríase, houbérase feito moito mellor, se tiveramos persoal suficiente, que xa... enlazando tamén co Pleno anterior, que hai falta de persoal e aínda que, bueno, podemos darlle as voltas que nós fixemos..., unha oferta pública, que non se presentou ninguén, que non tal... o feito real é que do persoal de limpeza, como dicía antes falta, ou sexa, falta máis da metade do persoal, perdón máis da metade non, o 33 % da plantilla, perdón, entón bueno, evidentemente ten que haber dificultades, a pesar de que na lexislatura pasada desapareceron tres parques do pobo, quedando agora seis, que iso tamén pois é unha maneira tamén de... de aforrar en medios, non, porque non sería necesario xa facer nin limpeza nin nada en todos eses parques que desapareceron, o parque de Mahía, o parque da Rega e o parque de San Victorio, pero bueno, en todo caso, os que hai eu creo que o que si debe de quedar constancia e que, por iso, por unha parte alédame que se celebre este Pleno, de que hai que tratar de cumprir... e... de cumprir as medidas, tanto en parques, en praias, en establecementos públicos do Concello, como repetimos en todas as comisións e en todos os plenos a... o mercado municipal, a limpeza do mercado municipal si que sabemos que efectivamente se está desinfectando a diario, as zonas exteriores, pero os sábados o interior ao meu entender, corríxame se me equivoco, non se está a facer, non. Entón, bueno, entendemos que esta moción, este Pleno non estaríamos pedíndolle nada ao Concello senón que estaríamos asumindo nós esas competencias, o que nos fai pois que, realmente non vamos a votar en contra, porque entendo que non podemos votar en contra de que se limpen os parques, cando é o normal, por outra banda, pero tampouco imos votar a favor polo que comentaba a secretaria, que efectivamente este Pleno non... non ten as competencias para realizar estas... estas medidas, entón imos a optar pola abstención, tal e como fixo ademais o... recordando o Pleno do 10 de decembro, o primeiro Pleno que houbo no cal o secretario tamén como comentou que... non era..., non cumpría as condicións o Pleno para ser celebrado e nese momento pois, moi sabiamente o BNG dixo pois nós ímonos a abster, entón pois iso, nós en ese Pleno votamos a favor, votamos... cometemos aí un pequeno, un pequeno erro eu creo, deberíamos haber optado pola abstención como... como imos facer neste Pleno, nada máis.

**Sr. Alcalde:** Bueno, Pilar..

**Sra. Díaz Otero** (que traducido di): Si, bueno imos a... a empezar, dado que o voceiro do Partido Popular e do goberno, polo tanto fixo referencia a tres informes, gustaríanos que dado que mañá hai unha comisión de servizos, que foran incorporados en esa comisión de servizos, tanto o informe do GES, o parte diario das tarefas de desinfección que realiza de todos os parques, parques infantís, biosaudables e pistas ao aire libre, así como espazos públicos, tal como vén no DOG, o informe da Policía Local, en canto a referencia que fai a Organización Mundial da Saúde e o Colexio de Enfermería sobre a recomendación dos hidroxelos, porque creo que ademais sería moi importante poder compartilo co resto de concellos, algúns de esta comarca que os teñen instalados, e tamén o informe do encargado de Servizos de Obras ao que fai... ao que fai referencia. Nós non vimos aquí porque cada vez que traemos unha iniciativa, bueno, o que facemos é... é falar do goberno anterior, de todas formas, si me gustaría recalcar que dando e non poñendo en dúbida obviamente o criterio do encargado do Concello, bueno e algunhas cousas que obvia, como a incorporación do novo mobiliario e remodelación de parques como pode ser o de Campo do Rio ou o da Escola Infantil ou as propias obras que se están executando, bueno, en todo caso, este Pleno non é para abordar o informe do servizo de obras nin para abordar cales foron as actuacións que fixo o goberno de Esquerda Unida e gobernos anteriores, porque en eses 4 anos debe de estar contemplado o ano do Partido Popular tamén, que gobernou antes de aquela moción de censura e está gobernando agora, despois de esta moción de censura, pero ese non é o obxecto de... de este Pleno. Si me gustaría facer unha reflexión porque hoxe foi a comisión de Educación na que o goberno plantexou e xa había, aínda que non de forma escrita senón de forma oral as actuacións que estaban facendo os centros de educación pública, e creo que chegou un informe da Deputación Provincial que parece que remitiu a todos os Concellos, e gustaríanos tamén a ver se pode ser incorporado a algunha das comisións sobre a non competencia das Entidades Locais en canto a limpeza e desinfección dos colexios, non fala nada de carpas nin de novos espazos, pero si do informe que encargou aos servizos xurídicos da Deputación que foi remitido a todos os concellos sobre a non competencia das Entidades Locais e si a competencia da Xunta, medidas que por outra parte si está poñendo en marcha este Concello como outras que non son da súa competencia e que nós dende aquí queremos dicir que estamos de acordo, porque ademais así o solicitamos en varias comisións. Bueno, esta é unha situación diferente, xa o dixen ao principio, en canto a que estamos en unha crisis sanitaria con unhas obrigas que veñen marcadas no DOG, e con unhas recomendacións. É obvio para nós que non se está cumprindo, e eu creo que el que de... non estamos falando do corte de herba, que bueno, podía ser unha recomendación en canto a hixiene, porque hai algúns que non é só unha cuestión quincenal, tamén nos gustaría recordar porque se fala bastante dos medios que ten o Concello en canto aos recursos humanos e que creo que houbo un anuncio do concelleiro de Servizos e Obras de que no verán teríamos un pobo ao 100%, non só cortada a herba senón tamén na limpeza viaria, dado que se incorporaban os do APRUL, dado que se incorporaban os PEL da Deputación, dado que se incorporaban as brigadas, bueno que soubemos hoxe que non se incorporaron aínda porque non acabou o proceso de selección, incorporábanse os da limpeza de praias, incorporábase un novo técnico medioambiental que eu creo que non chegou a día de hoxe aínda, máis o persoal que tiña o Concello e que polo tanto con esas máis de 25 persoas que el contaba se poderían abordar todos estes traballos, polo tanto, quero dicir que en estes meses dende que se publicou o DOG o 13 de xuño, non podemos dicir que aínda que se houbera executado a OPE e estivera cubertas ao 100% a vacante teríamos máis empregados que os que ten agora na actualidade o Concello, entón non podemos falar de unha

situación de recursos humanos vinculada as vacantes que existen no persoal do Concello, porque o persoal que hai neste momento acollido pois ao APRUL, ao PEL ou as praias é moi superior as que teríamos incluso cubrindo as vacantes. A proposta está feita independentemente de que a teña que votar o alcalde ou non para que sexa executada, creo que serviu para por de manifesto o que se puxera de manifesto xa en diferentes comisións e órganos do Concello, como dixen anteriormente, nós entendemos que estas propostas mellorarían a situación actual dos parques, unha situación complicada polo COVID que xa, como dixemos no Pleno anterior, bueno, pois estamos nunha situación complicada, non máis que outras zonas do Estado nin do mundo, pero estamos nunha situación máis complicada que a que tínhamos en marzo e que polo tanto, estas serían medidas necesarias para que todo o mundo tivera a seguridade, primeiro de que a limpeza se fai, porque é obvio que a limpeza dos elementos non se fixo, nin sequera previa a reapertura dos parques e os horarios non veñen, como é obvio, ditaminado no DOG, nin veñen incorporados, si que é verdade que ese horario o que permite e que haxa a seguridade por parte da cidadanía de que iso se está executando, cousa que a día de hoxe é obvio que non existe esa seguridade na cidadanía, e o mesmo tempo as recomendacións das colocacións dos dispensadores ou a capacidade máxima para cada un dos espazos para que a cidadanía poida estar informada en ese sentido. E... bueno, creo que non vai ser tomada en consideración, porque estamos facendo oposición a... á oposición, e polo tanto, aínda que non sexa tomada en consideración, si que me gustaría que polo menos a situación dos parques cumprise co ditaminado no DOG e se fixese esa limpeza e se marcasen eses horarios para a desinfección que dea seguridade a cidadanía.

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Ben, grazas. Miguel...

**Sr. Mahía Prados:** Si, grazas alcalde. Comezando polo final e... hai varias cousas que vamos a poñer tamén en valor, sobre todo co peche da intervención que se fixo aquí. Referente ao tema dos informes, vostede saberá que hai unha orde do día fixada, isto non se trata dun tema de urxencia, eu entendo, non son o presidente das comisións, pero entendo que irán na seguinte comisión, porque como vostede saberá non se pode modificar a orde do día dunha comisión ou dun Pleno se xa está convocado. Alguén da súa experiencia debería de sabelo, preocúpame que non o saiba, despois cada vez que traemos unha iniciativa falamos do anterior goberno, oia mire, non é que falemos do anterior goberno, e que a situación que temos agora foi a que nos deixaron e..., aquí se está dicindo: a culpa é do COVID, non, a culpa non é do COVID, a culpa é que non temos orzamentos, nin partidas, nin cartos, para comprar material de obras, como se contratamos a 100 persoas, mentres non teñan unha desbrozadora non poden desbrozar, é tan sinxelo como iso, mentres non teñan discos ou fíos non poden desbrozar, é tan sinxelo como iso, fala vostede de que... deixaron... é unha pena que no informe non se faga mención dos parques que vostedes remodelaron, oia si..., é os que eliminaron? Porque ese mantemento si que é... é fora de serie, a verdade, e... por favor...

**Sr. Alcalde** (que traducido di): A ver por favor, non interrompamos ao relator de esta...

**Sr. Mahía Prados:** Pois mire, agora mesmo, agradecendo a intervención por parte do exconcelleiro de Medio Ambiente de Esquerda Unida, comisión do 2 de xuño de 2014, este grupo preguntoulle porque non limpaban os parques, sabe cal foi... sabe cal foi a súa resposta?

Xa se limparan cando toque. Está nas actas, remítome a elas, este concelleiro que está representando este grupo e este grupo nunca vai a responder iso a alguén da Corporación, porque é unha falla de respecto, cando toque, e os nenos? Pois que vaian xogar a casa, isto non... isto non funciona así. E... o motivo deste Pleno é sinxelo, é buscar un titular, queren un titular para poñer nas redes sociais que o goberno vota en contra da limpeza de parques, no mire, o goberno non vota en contra da limpeza de parques, o goberno vai votar en contra porque isto non é competencia de Pleno. Paréceme increíble que alguén da... dos anos de experiencia que leva neste Concello non saiba cal é a competencia das cousas, porque entón xa me estou empezando a entender porque non se tramitan os contratos menores como había que tramitalos e porque había os desfases orzamentarios que había, porque claro se non hai control, se non se entenden, senón se leen a normativa, porque a normativa hai que lela, non soamente ser concelleiro é vir aquí a levantar a man, hai que estudar e hai que preparase os temas, fago unha mención e gustárame corrixir nunha cousa ao voceiro do PSOE, non, non foron 3 parques, foron 5. Seaña na Rega, eliminárono para non ter que mantelo, o parque que había en Simou, desmantelárono para levar os elementos de... de xogo ao colexio de Catro Camiños e non ter que mercalos, o de Roibeiras, madre de Dios o que fixeron coas árbores de Roibeiras, que os pais se queixan que non teñen nin onde poñer os fillos cando fai sol, porque fixeron unha tala discriminada de árbores que clama o ceo, o Pazo das Condesas, mellor non falamos do que fixeron no parque do Pazo das Condesas porque non está, e este goberno no POS leva recuperar alí o parque cun proxecto consensuado co Grupo Socialista, de máis de 100.000 €. de inversión, para poñer un parque alí e restablecelo, un parque que merecen os veciños da urbanización e do contorno, e por último o parque de San Victorio, que agora alí que hai? unha explanada, e o que deixaron, a nada, como... como o goberno que deixaron, a nada. E... ou este goberno... o anterior goberno que presumía de aforrador, pois foi o que nos deixou, 3.000.000 en pufos, sen poder comprar material para o equipo de obras e para o persoal municipal, e que os nenos xoguen nas súas casas, os parques para que van a ir, eliminámoslos, claro, esa é a solución fácil. Sabe cal é a difícil? A que está tomando este goberno, a de buscar cartos debaixo das pedras para dotar o persoal de obras de material e de respecto. Eu simplemente fago mención a... ao informe do encargado, nin se lle consultaba, nin se lle tiña en conta as necesidades do servizo, e simplemente era un ordeno e mando, este goberno esas cousas non as fai, téñao ben claro. Referente ao tema de parques, mire, e... nunca se deu orde de realizar o mantemento de parques, é o que di o informe, e que é increíble que veñan pedindo un Pleno Extraordinario cando vostedes non fixeron nin un só mantemento dos parques municipais, e que clama o ceo, nin unha capa de verniz, bueno, como o paseo do peirao, que estivo alí valado dous anos e era competencia nosa ao final, verdade? O mantemento, claro, mire eu se de algo me alegro de este Pleno e de que por fin foran a visitar os parques para saber como os deixaron, porque con este Pleno por fin saíron da burbulla e foron a visitar os parques que deixaron aos veciños e veciñas de Mugardos, especialmente os nenos, que son os usuarios, e... deixar como débeda, perdón, como herdanza a este Concello unha débeda de 3.000.000 de euros, a provedores, administracións e empregados aos que non se lle pagaba as horas extra, iso si, hai un céspede precioso de 20.000 euros que foi o que costou que acabamos pagando nós, porque o contrato non cumpría, e tivemos que facer aí, non enxeñería, pero tardamos moito en solucionalo, porque o contrato de aquí do Zárate non cumpría e que vostede deu orde expresa, parece ser, supostamente, de que tiña que estar terminada a obra véspera da xornada electoral das eleccións municipais, esa foi a súa herdanza, que fixo por Mugardos? 3.000.000 de pufo e un céspede de 20.000 €, aparte de

retirar todos os parques que lle... que se lle poñían enfronte, ese é o seu balance en materia de parques, si o... comentáballo no anterior Pleno, e... cando estabamos facendo os orzamentos este concelleiro atopou unha anomalía, que non se entendía, e era como nós podíamos adxudicar o servizo de desbroce de viais e mantemento de zonas verdes, con dous contratos por un ano, contrato menor tramitado por algo máis de 36.000 €, e vostede durante toda a súa etapa de goberno había 103.000 €. de gastos en xardinería, había un desfase de 67.000 €. Por que? Esa é unha dúbida que temos, porque son 67.000 € que dan para moito e, dan para moito, para facer 3 campos como os que teñen vost... como os que fixeron aquí o lado, do que tanto se enorgullecen, xa veremos a onde vai acabar isto, vostedes e... hai tema de parques, tema de medio ambiente, miren, xa tamén explicaran porque temos multas de Augas de Galicia, por vertidos precisamente en zonas de... en zonas verdes, como é o caso de O Baño, multas de 2.000 €. por vertidos ilegais deste Concello baixo o seu mandato, que saen tamén das arcas municipais, xa nos explicará vostede porque, pero bueno, sigamos falando de seguridade sanitaria, que é o obxectivo no cal vostede na súa exposición de motivos deste Pleno é o que fai mención, que este goberno non toma e... medidas de seguridade sanitaria, mire... Cal foi o motivo de non autorizar o seu goberno as mosquiteras nas ventás do comedor de Catro Camiños? Porque son obrigatorias por lei para poder ventear, a resposta que se nos doi, se nos dou, perdón, por parte de usuarios, e que, atención, as mosquiteras non se fabrican en Galicia, esta é a resposta que nos dixeron que vostedes deron e... e que de verdade que non... eu non saio do meu asombro, sempre se superan. Outra pregunta: Por que tiñan mobiliario de oficina precisamente alí tamén no comedor, se tanto lles preocupaba a seguridade sanitaria, porque non poñían mobiliario de cociñas, non, metían mobiliario de oficina, que non cumpre, vamos, a normativa sanitaria por ningún lado, que da medo ver como deixaron o comedor, pero medo e..., vostedes preguntome fixeron este Pleno pensando nos nenos que son os usuarios dos parques, non pensaban nos nenos cando lle denegaron as axudas de ensino aos rapaces do Loyola, porque confundiron o que era privado, co que era concertado, ata ese punto chegaron vostedes a interesarse polos nenos e pola situación da mocidade mugardesa, ou tamén por exemplo, preguntome se pensaron nos nenos cando a unha nai lle denegaron un vale de alimentos, nai de 3 fillos, que tiveron aí, porque dicía e que teño prazo administrativo para resolver esa axuda, mentres recorrían todas cantas festas gastronómicas había en esta provincia. Eu, e... materia de benestar, materia sanitaria, este goberno vostedes din que non fixo nada e que se estivo rascando a barriga, pouco máis, e teño aquí, o recoñecerá, verdade? Isto é o que prometía vostede no seu cartel: 0 usuarios en lista de espera, convocatoria de axudas, servizo de préstamo de camas, servizo de fisioterapia para benestar... mire, o obxectivo de 0 dependentes cando chegamos o goberno, nós duplicamos, é fixo un traballo excepcional a traballadora de benestar, porque pasamos de atender a 30, a máis de... a case 80 dependentes, que estaban escondidos, por que non se tramitan a dependencia, porque estaba aí parado, porque había que cadrar, e os estamos atendendo, con facturas de 21.000 €, co alcalde reparando reparos para que os veciños de dependencia non perdan as prestacións, iso é o que fai un goberno, serio, responsable e que tamén é consecuente, porque eses reparos herdounos da súa xestión, falo dos servizos de fisioterapia, a eses que tamén, ou sexa, de recuperar para benestar, eliminounos vostede no 2013, iso eliminouno vostede, e logo fala que non se atenden os servizos sociais deste concello, e este goberno vainos a recuperar. Eu non lle vou a preguntar cal foi o motivo, e me vai a permitir esta profunda reflexión, de que cando no máis duro da pandemia, cando este Concello estaba cerrado a cal e canto, cando o alcalde e os concelleiros

dos grupos de goberno, e membros desta Corporación estaban traballando no servizo de voluntariado, por que, por que, o grupo que asinou a convocatoria de este pleno non quixo prestar axuda, ningunha, porque este alcalde, este concelleiro, os concelleiros do goberno, os concelleiros de outros grupos estiveron repartindo, montando e pateándose as rúas para darlle pantallas aos veciños, estiveron levando os deberes as casas, estiveron axudando a xente maior que non podía saír a levarlles a compra, as cousas de farmacia, porque se tanto lle preguntaban, se tanto lle preocupaba a crise, non quixeron axudar cando en verdade había que facelo, porque é máis cómodo pedir un pleno, falar aquí no Concello, pero cando hai que baixar ao lodo, cando hai que papar as molladuras e cando hai que axudar a xente, aí non, aí que o fagan outros, porque iso non vai con nós, mire xa llo dixen anteriormente, e... eu estou moi orgulloso da labor dos GES, porque co pouco material que teñen están desinfectando os parques, eses mesmos aos que non lle pago os 120.000 € en horas extras, que lle vai abonar este Concello, eses están desinfectando os parques, eu son consciente de que non se lle pode dotar de todo o material a voz de pronto, pero imos a facer todo o posible para que teñan todo o material que lle corresponde, e que podan seguir sendo un servizo de emerxencias, para unha situación sanitaria como esta, que estea a altura. Eu xa vou a pechar, eu pediríalles que asumiran dunha vez que xa non son goberno e que non se goberna dende o Pleno, asúmano por favor, porque mentres van as comisións e non din nada, porque non din nada, levantan a man, e lévanse quentiño a asistencia para as comisións, que é onde de verdade hai que propoñer, onde de verdade hai que traballar, os temas que son competencia das comisións e non do Pleno, pois aí é onde se demostra quen está aquí por mellorar Mugardos ou por mellorarse un mesmo. Eu para finalizar, Mugardos non se merece a falla de lealdade institucional, de querer facer a guerra pola súa conta, de querer utilizar a pandemia para cascarlle ao goberno, e de non atender aos veciños cando de verdade o necesitaban, que era sendo voluntario, e estando aí, na rúa, con máscaras feitas de tela na casa, en precario, cando de verdade facía falla asistir á xente que peor o estaba pasando, aí e onde tiñan que estar os políticos de verdade, non pedindo Plenos extraordinarios sobre a situación dos parques, que está moi ben, si, pero onde de verdade se mostra se un político vale ou non vale é nas situacións difíciles, e como dixo unha veciña, menos mal que estabades vosoutros no goberno. Finalizo e vou finalizar con unha frase que non é miña, é unha frase que deixou unha veciña nas súas redes sociais: Tivestes o voso momento, non votedes a perder o dos demais, o único que estades deixando ver é a falla de profesionalidade que hai pola vosa parte, e a min sinceramente paréceme unha pena que unha persoa que leva tantos anos en política e que é unha profesional de isto lle achaquen falta de profesionalidade.

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Bueno, e... esgotados os turnos de intervención, pasamos a votar a proposta que vén hoxe aquí a este Pleno. Votos a favor da proposta, en contra, abstencións, e... hai un empate? Si, temos que volver a votar, votamos de novo, votos a favor da proposta, en contra, abstencións..., bueno pois desempata o voto de calidade do alcalde, que obviamente non quere que o Pleno lle saque as competencias que ten adheridas por Lei, polo tanto, voto obviamente en contra do acordo, polo tanto rexéitase a proposta que veu a Pleno. Levántase a sesión

E non tendo máis asuntos para tratar, e sendo as trece horas e vinte e catro minutos do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretaria, dou fe.

Vº e prace  
O ALCALDE,